



Concello da Coruña

Area / Unidade RR.HH PE0000 MALB	Documento 10819I0FMB	
Código de verificación  400G 3D5Y 4X6W 075V 0ZTI	Expediente 108/2019/217	
	Data 12-12-2025	

ANUNCIO

Asunto: Declaración de caducidade do procedemento para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de xefatura do Servizo de Persoal.

O concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 12 de decembro de 2025, adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Desestimar, polas razóns expostas, as alegacións presentadas por dona Laura Rodríguez Sastre (DNI ***4394**) contra a Resolución do concelleiro responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 26.09.2025, pola que se inician os trámites para declarar a caducidade do procedemento de provisión, polo sistema de libre designación, do posto de xefe/a do Servizo de Persoal, coa referencia 0169 (BOP núm. 40, do 26.02.2019).

Segundo.- Declarar a caducidade, arquivando a convocatoria, do procedemento de provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe/a do Servizo de Persoal do Concello da Coruña (ref. 0169), cuxas bases específicas foron aprobadas por Resolución da concelleira delegada de Facenda e Administración (por delegación da Xunta de Goberno Local), de data 16.02.2019, e publicadas no BOP núm. 40, do 26.02.2019; no BOE núm. 64, do 15.03.2019 e no DOG núm. 65, do 03.04.2019.

Terceiro.- Impulsar a planificación estratéxica dos recursos humanos do Concello da Coruña, de modo que, unha vez declarada a caducidade deste procedemento, finalizaranse os trámites administrativos para realizar unha nova convocatoria de provisión do posto de traballo de xefe/a do Servizo de Recursos Humanos do Concello da Coruña (coa referencia 0169), de acordo co sistema de provisión establecido na vixente relación de postos de traballo municipal (BOP núm. 31, 14.02.2025; coa modificación puntual publicada no BOP núm. 227, do 26.11.2025) e axustada ao establecido na normativa vixente.

Cuarto.- Notificar esta resolución a dona Laura Rodríguez Sastre, co DNI ***4394**.

Quinto.- Publicar para xeral coñecemento a parte dispositiva desta resolución na intranet municipal (SPO-Alfresco), na páxina web (<https://www.coruna.gal>) e no taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

O Director da Área de Administración Xeral

Manuel A. Jove Losada